

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE XANEIRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dº.Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

D. María Jesús Novo Gómez
D. Elisardo Montero Castro
D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.ª Carmen Gómez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:30 horas do día vinte e oito de xaneiro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello
Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, rexistrado de entrada co número 133 do día 22/01/2016, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2014 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Traballador/a social	1	15.013.	0	15.013	0	15.013	7.506,50
TOTAL		15.013	0	15.013,	0	15.013	7.506,50

Total asignado: 15.013,00 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: **7.506,50 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, rexistrado de entrada co número 134 do día 22/01/2016, dando traslado da

resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2014 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Punto de atención á infancia		0	9.211,22	9.211,22	0	9.211,22	0
TOTAL		0	9.211,22	9.211,22	0	9.211,22	0

Total asignado: 9.211,22 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: **9.211,22 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SOBRE SUBVENCIÓN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistrado de entrada co nº. 21 con data 05/01/2016 no que se resolve o outorgamento de subvención para axente de emprego e desenvolvemento local o abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015, por importe de 7.506,73 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN SOBRE A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO PAI 2016

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada pola Deputación Provincial da Coruña, rexistrado de entrada co nº. 3155 con data 30/12/2015, comunicando a aprobación polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 30 de decembro de 2015, as bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016. O Plan execútase mediante a concesión de préstamos sen xuros aos concellos, e ten por finalidade cooperar na redución do seu endebendamento e na realización de novas infraestruturas. O importe do préstamo asignado a este concello é de 173.875,76 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DE GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. RESPOSTANDO A SOLICITUDE FORMULADA POR ESTE CONCELLO RELATIVA A MODIFICACION DE POTENCIA NA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO. (TIÑAMOS CONTRATADO UNHA POTENCIA DE 55 KW).

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Servicios SDG, S.A., rexistrado de entrada co nº. 6 con data 04/01/2016, no que comunican que procederon a realizar unha modificación de potencia do punto de subministro situado en Gándara, 9009 Porta: RE-SI, constando desde o 20 de decembro de 2015, potencia contratada a 40 kw. CUPS ES0022000008925618KH1P.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DE GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. RESPOSTANDO A SOLICITUDE FORMULADA POR ESTE CONCELLO RELATIVA A MODIFICACION DE POTENCIA NO ALBERGUE DE PEREGRINOS. (TIÑAMOS CONTRATADO UNHA POTENCIA DE 34,5 KW. TARIFA 3.0A).

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Servicios SDG, S.A., rexistrado de entrada co nº. 100 con data 19/01/2016, no que comunican que procederon a realizar unha

modificación de potencia do punto de subministro sito en Cernadela, 3 (Boimil), cujos datos son:

-CUPS: ES0022000008941009TE1P

-Tarifa: 2.0DHA

-Potencia Punta: 3,464kW

-Potencia Llano: 3,464kW

-Potencia Valle: 3,464kW

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado pola directiva da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá, rexistrado de entrada co nº 145 o día 25/01/2016 no que expón que a finca nº. 315 adicada a campo de festa e aparcamento de vehículos en datas con actos relixiosos non conta coa superficie precisa para tales fins e SOLICITA:

<<Que, atendendo e recollendo as peticións e suxerencias de xente da parroquia e tamén o acordo da asemblea xeral desta asociación celebrada as 20,00 horas do día 23/01/2016, o concello de Boimorto realice as xestións que se precisen para conseguir que a finca nº 316 pase a ser de disposición veciñal, xuntándoa coa nº 315, para uso e disfrute das xentes de Dormeá.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Comunicarlle á asociación que nos orzamentos municipais de 2016 aprobado inicialmente con data 30 de decembro de 2015 e en trámite de aprobación definitiva non existe consignación orzamentaria para a compra de terreos asemade este Concello non pode realizar modificacións orzamentarias para esta finalidade non sendo ademais titular das masas comúns cuia titularidade é da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA Á ASOCIACIÓN SCOUTS DE GALICIA PARA USO DO REFUXIO DE CAZADORES DE SENDELLE

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello 166 en data 27/01/2016, na que D. Guillermo Alcalde Souto, en calidade de secretario da Asociación Grupo Scout San Jorge 33, na que solicita que durante os días 5, 6 e 7 de febreiro de 2016 se autorice unha acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle e utilizar dito refuxio para pernoctar.

Considerando que a parcela do refuxio e ben de natureza patrimonial titularidade municipal, tendo en conta as advertencias legais manifestadas verbalmente pola secretaria en relación ó necesario cumprimento e respecto do establecido no Real Decreto 143/2006, de 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia, advertencias sinaladas sobre requisitos de acampadas libres e intinerantes.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 408/2015 con data 17/08/2015 para concesión de toda clase de licenzas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.-Autorizar á Asociación Grupo Scout San Jorge 33 para a realización de acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle utilizando dito refuxio para pernoctar

nos días 5, 6 e 7 de febreiro de 2016 sometendo a autorización o cumprimento da normativa aplicable en materia de acampadas de turismo en Galicia así como o respecto da parcela e o uso da mesma deixandoa nas mesmas condicións de como se atope.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA O DÍA 21-02-2016

Vista a instancia de data 22/01/2016 co número de rexistro de entrada 138, subscrita por D. José Balado Casal, con DNI núm. 76514858E, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 21 de febreiro de 2016 en horario de 10:30 a 13:00 para facer unha reunión da Asociación de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura a D. José Balado Casal o día 21 de febreiro de 2016 en horario de 10:30 a 13:00 para facer unha reunión da Asociación de cazadores.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo ao solicitante

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 1/2016

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 128, con data 21/01/2016, presentada por D. José Luís Tojo Pereiro, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Cela nº 1, Sendelle, 15817 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Iglesia, parroquia de Sendelle, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Luís Tojo Pereiro, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Iglesia, Sendelle, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 53 de xaneiro de 2016 (RE núm. 53) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Abelardo Brea Costoya
DNI:	32412318M
Domicilio:	R/ Camiño da Cerdeira núm. 6 - Boimorto - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución de tella para rehabilitación de tellado
Situación:	R/ Camiño da Cerdeira nº 6 - Boimorto - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	15010A22005050001LU
Orzamento de execución:	6.280,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Consta resolución da dirección xeral do patrimonio cultural de 22 de decembro de 2015 (expediente nº 2015/1164 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 13 de xaneiro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, según informe técnico: 9.059,58 €uros

Liquidación 2%: **181,19 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Abelardo Brea Costoya indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 4 de xaneiro de 2016 (RE núm. 11) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel Vereá Vázquez
CIF:	32755768L

Domicilio:	R/ Vilanova nº 3 - Boimorto - 15817 Boimorto
------------	--

Datos da obra:

Obxecto:	Ampliación dun cerramento existente nunha lonxitude de 28,10 m, dividido en dous tramos de 19,75 m e 8,35 m. Na actualidade o cerramento é de bloques formigón cunha altura de 0,60 m, pretendéndose a súa ampliación, tamén en bloque de formigón, ata unha altura de 1,50 m, colocándose por riba malla metálica de cor verde ata cunha altura de 0,50 m, alcanzándose unha altura total de 2,00 m. O muro pintarase en cor marrón claro.
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1.049
Situación:	R/ Vilanova nº 3 - Boimorto - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	1221801NH7612S0001XF
Orzamento de execución:	919,30 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Consta resolución da dirección xeral do patrimonio cultural de 21 de decembro de 2015 (expediente nº 2015/0814 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 7 de xaneiro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 1.396,85 Euros

Liquidación 2%: **27,94 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Verea Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- SUSPENSIÓN DE OBRA A DNA. MARIA LUISA SANDÁ BARREIRO NO LUGAR DE SANTARANDEL, PARROQUIA DE ARCEO E APERTURA DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACION

Visto que con data 15 de xullo de 2015 e número de rexistro de entrada 1826, Dna. María Luisa Sandá Barreiro presenta comunicación previa de obras de construción dun cerramento de finca no lugar de Santarandel nº. 9, parroquia de Arceo, achegando proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 30/07/2015, acordouse dar conformidade á comunicación previa de obras presentada por Dna. María Luisa Sandá Barreiro na parcela con referencia catastral 000600100NH76E001JH.

Visto que con número de rexistro de entrada no Concello 2771 de data 3 de novembro de 2015 Dna. María del Carmen Bravo Paz presenta denuncia a Dna. María Luisa Sandá Barreiro pola realización dun cerramento de pedra, polo incumprimento das condicións establecidas no PXOM e pola suposta ocupación de terreos de dominio público excluídos do proceso de concentración parcelaria, coincidentes cun antigo camiño.

Visto o informe técnico dos servizos técnicos municipais realizado en base á inspección ao lugar onde se están a realizar as obras no que di:

<<Con data 23 de novembro de 2.015 realizouse unha visita de comprobación á parcela denunciada e se comprobou que as obras non se axustan a comunicación previa presentada. Polo que respecta á suposta ocupación de terreos de dominio público, non se puido verificar, por non contar coa suficiente información para elo.

Tras a visita de comprobación, na que non estivo presente a propietaria do terreo onde se están a facer as obras, os Servizos Técnicos Municipais falaron con ela e lle indicaron de forma verbal, que paralizara inmediatamente as obras en tanto non se presentara a documentación correspondente que permitira a súa continuación e se comprobara a existencia ou non do antigo camiño denunciado.

Con data 3 de decembro de 2015, número de rexistro de 3.004, Dna. María Luisa Sandá Barreiro presentou ante o Concello de Boimorto comunicación previa de “modificación de cerre de finca rústica en Arceo” achegando proxecto redactado polo mesmo técnico.

De acordo coa memoria do proxecto, a totalidade da parcela presentaba un cerramento vexetal que foi substituído por un novo cerramento de obra que se executou nunha lonxitude de 61,67 m deixando na parte central do mesmo un espazo aberto de 5,36 m, cun fondo de 3,0 m, para facilitar o acceso á finca. A lonxitude total descrita comprende o cerramento frontal da finca, así como dous tramos de 12,2 m e 8,10 m na colindancia coas fincas situadas ao Oeste e Leste respectivamente, para manter a privacidade da propiedade. O cerramento ten unha cimentación sobre a cal se coloca un muro de pedra cunha altura de 1,45 que se completa cunha balaustrada hasta alcanzar unha altura de 1,90 m. Intercalados a unha distancia media de 3,90 m, así como nas esquinas, e para darlle unha maior estabilidade se colocan uns piares de pedra de 30x30 cm cunha altura máxima de 2,0 m.

As obras descritas no proxecto son conformes as determinacións do plan xeral de ordenación municipal, si ben, non se poderán continuar en tanto non se resolva a cuestión exposta na denuncia de 03/11/2015 relativa á suposta ocupación de terreos de dominio público, correspondentes cun antigo camiño excluído do proceso de concentración parcelaria. Para poder resolver este asunto deberase realizar un levantamento topográfico da zona e ademais solicitarase información á Consellería de Medio Rural coa intención de poder coñecer a situación previa ao proceso de concentración.>>

De acordo co previsto no artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, as autorizacións e licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e ser prexuízo a terceiro.

Asimesmo, debe engadirse, que no artigo 10 do citado texto legal, figura que os actos das Corporacións Locais, polo s que se interveña a acción dos administrados, producirán efectos entre a Corporación e o seuxeito a cuxa actividade se refiran, pero non alterarán as situación xurídicas privadas entre éste e as demais persoas.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos.

Asimesmo, cabe sinalar, que segundo consta no artigo 45 do devandito Regulamento, as corporacións locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que ésta non conste fin de determinar a súa titularidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e á vista dos antecedentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á apertura de expediente de investigación, a fin de determinar a titularidade da franxa de terreo sobre a que xira a denuncia formulada.

SEGUNDO.- Ordenar, de xeito cautelar, a inmediata suspensión das obras que poidan atoparse en curso de execución, ata tanto non se resolva o expediente de investigación, a tramitar con ocasión de determinar a titularidade da franxa de terreo obxecto da controversia.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acto aos servizos de inspección urbanística municipal, aos efectos de practicar cantas actuacións resulten necesarias, de cara a delimitar con exactitude o tramo de solo afectado pola intervención da que trae curso o presente acordo, e no seu caso, á vista do resultado do expediente de investigación, pronunciarse sobre a adecuación das actuacións proxectadas, ao reflectido na normativa de aplicación vixente.

CUARTO.- Dar traslado o presente acordo ás persoas que poidan verse afectadas como consecuencia do acto administrativo agora dictado.

QUINTO.- Outorgar un prazo de 15 días para que por parte das persoas interesadas, se poidan formular as alegacións ou achegar os documentos que consideren oportunas.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención Ref.: CB-1/2015, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
1501173947-31/12/15	Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña na data 15/12/15	1,75 €
150216FS0004502-26/01/16	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obrigatoria do camión grande de recollida de lixo	58,91 €
957 S-18/01/16	Catalina Somoza Bustelo	Textido pelo blanco para disfrac-	

	/ 33186628M	es PAI	75,02 €
2716200002-15/01/16	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	Levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital no mes de decembro 2015	3,45 €
1-A-19/01/16	Antonio Ansede Blanco / 32440038X	Alimentación e bebidas para o centro social municipal de maiores	42,20 €
1-B-19/01/16		Leite para o centro social municipal de maiores	168,17 €
1-C-19/01/16		Café, refrescos, cola-cao ... para o centro social municipal de maiores	62,74 €
1-D-19/01/16		Servilletas, platos plástico, ... para o centro social municipal de maiores	22,53 €
Taxa - publicación anuncio no BOP	Deputación da Coruña	Publicación anuncio: 2015/9261 nº 174/11-09-2015 aprobación inicial expte. Modificación de crédito 10/2015 Publicación anuncio: 2015/8600 nº 152/12-08-2015 conta xeral exercicio 2014	66,66 € 70,15 €
1-15/01/16	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Material alumado público	45,19 €
2-15/01/16		Material para colexio	6,30 €
3-15/01/16		Pezas para o tractor	11,86 €
4-15/01/16		Material para o campo de fútbol	22,90 €
5-15/01/16		Dous carretes fío desbrozadora	24,80 €
6-15/01/16		Chave de paso para fonte de Sendelle	9,75 €
7-15/01/16		Caixa de luvas para taller	8,30 €
8-15/01/16		Dúas unións polit. 25 reparación avaría auga en Vilar (Sendelle)	3,80 €
9-15/01/16		Material oficinas municipais	4,56 €
10-15/01/16		tubo sika para suxección protección no PAI	7,75 €
A51705-21/01/16	Sport Equipalia, S.L. / ESB83179416	Reparación rede protección campo de fútbol	1.012,04 €
10 10004513-11/01/16	Wolters Kluwer España, S.A. / A58417346	Subscripción El Consultor de los Ayuntamientos período 01-2016 a 12-2016	2.472,08 €
P15 004794-01/01/16	La Voz de Galicia, S.A. / A15000649	Subscripción dende 1/01/16 a 31/12/16 do xornal servizo na residencia e centro de día	375,00 €
P15 002366-01/01/16		Subscripción dende 1/01/16 a 31/12/16 servizo no concello	249,00 €
328-04/01/16	Manuel J. Uzal Gómez / 76498650Y	Impresión cartas de reis en Galego	242,00 €
329-04/01/16		Calendarios en galego	1.404,75 €
1267-15/01/16	Oscar Vidal García / 79335867N	Subministro de bomba e reparacións na estación potabilizadora	5.289,87 €
1266-15/01/16		Reparacións no campo de fútbol	562,64 €

D- 24-11/01/16 D- 25-11/01/16 D- 30-11/01/16 D- 67-19/01/16 D- 79-20/01/16 D- 80-20/01/16	Juan López Sánchez / 34258362T	Gasoleo calefacción albergue Gasóleo calefacción residencia Gasóleo automoción Gasóleo calefacción centro médico Gasóleo calefacción residencia Gasóleo automoción	250,00 € 1.250,00 € 2.150,00 € 450,00 € 1.180,08 € 1.799,90 €
PC 2-01/01/16	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. / B70055504	Contratación anual servicio de prevención (disciplina técnica) con data de inicio de 01/07/15 (Pago 1 de 2)	407,09 €
A/1 -16-04/01/16	Gestcalor S.L. / B94038106	Pellet de madeira para caldeira da gardería	612,26 €
3/2016-7/01/16	Blanco Pampín, S.C. / J70435714	Actividades no pavillón Cabal- gata de Reis 2016	385,00 €
01/2016-14/01/16	José Manuel Presedo Mi- ra / 44848185W	Alumeado navideño composto por 15 arcos, 2 pinos microbom- billa led e decoración árbores microbombilla led	1.500,00 €
0001/S16-05/01/16 0002/S16-05/01/16	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación camión pequeno de recollida de lixo C6849BK Reparación camión grande de recollida de lixo 7428FJK	123,42 € 498,81 €
10.007-19/01/16 10.008-19/01/16 10.006-19/01/16	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Dúas Rodas para furgoneta de servizos sociais. Parchar roda dianteira pala en Andabao Parchar roda furgoneta matrícula 7394GNW	192,61 € 40,00 € 8,00 €
AU180622-15/01/16	Abm-Rexel S.L.U. / B- 28262822	Material de alumeado público	2.102,50 €
01/16-27/01/16	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técni- co-urbanística mes xaneiro 2016	2.000,00 €
28-A680-607178- 01/01/16	Telefónica Móviles Es- paña, S.A. / A-78923125	Teléfonos móbiles período 18/11/15-17/12/15	189,88 €
0001159-01/01/16	Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651	Mantemento programa residencia xaneiro 2016	59,29 €
114.105-15/01/16 114.104-15/01/16	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Filtro de aceite para o vehículo Fiat Scudo da residencia Pastillas de freno e avisador IVECO para o autobús 5002HHB	9,92 € 71,72 €
TA5680266360 TA5680266836 TA5680261747 TA5680266203 TA5680261748 TA5680261746 TA5680267375	Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474	Recibo teléfono oficinas concel- lo Recibo teléfono fax Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono ascensor concel- lo Recibo teléfono PAI Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono centro social	389,94 € 0,53 € 61,23 € 17,40 € 24,74 € 27,76 €

TA5680269919		municipal de maiores Recibo teléfono residencia e centro de día	59,17 € 60,66 €
TA5680269720 19/01/16		Recibo teléfono ascensor residencia e centro de día	17,40 €

5.2.- SOLICITUDE SERVIZO DE PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 28/01/2016

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiaria do servizo de podoloxía a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- VIRTUDES MATO CARREIRA - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do artigo 3

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuaria do servizo de podoloxía a Virtudes Mato Carreira.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2016. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.3.- DENEGACIÓN SOLICITUDE SERVIZO DE FISIOTERAPIA

Vista a correspondente solicitude para ser usuaria do servizo de fisioterapia no centro social municipal de maiores presentada con rexistro de entrada neste concello co nº 54 en data 11/01/2016 por Dna. Ana María Rodríguez Ramos con DNI núm. 76514914D, con enderezo na rúa Estrada de Lanzá núm. 4 do núcleo urbano e parroquia de Boimorto.

Dase conta do informe desfavorable da traballadora social do Concello de data 28/01/2016, segundo o cal debe denegarse ao non reunir unha das seguintes condicións para ser beneficiaria do servizo:

<<-Ter máis de 65 anos.

-Ter unha minusvalía superior ó 65% ou invalidez absoluta.

-Ser pensionista do sistema público de pensións con 60 anos cumpridos.>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude para se usuaria do servizo de fisioterapia a Dna. Ana María Roeríguez Ramos con DNI núm. 76514914D por non cumprir unha das condicións contidas no artigo 3 do acordo municipal nº 15 regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e pdloxía no centro de maiores do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos.

5.4.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XANEIRO 2016

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 28/01/2016 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 30/12/2015 e o 28/01/2016 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que na lista de usuarios de servizo de axuda no fogar de libre concorrencia neste mes de xaneiro de 2016 existen as seguintes variacións:

.- O día 15 de xaneiro comezamos a prestar o servizo de axuda no fogar a D. José Peteiro Cajide que estaba incluído na lista de espera no posto número 1 cunha puntuación na súa solicitude de 38 puntos.

.- Dáse comezo o servizo por urxencia no domicilio de Andrés García Balado o día 27/01/2016 (Resolto por decreto da Alcaldía 28/2016 de 27/01/2016). Na súa valoración acadou unha puntuación total de 41 puntos.

2º.- Que contempladas estas variacións a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2, Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	32 puntos	9 puntos	0 puntos	0 puntos	41 puntos
José Peteiro Cajide Lg. Santalla núm. 5, Dormeá, Boimorto	38 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	38 puntos
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	37 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg. Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Celia Codesido Sesto Lg. Corredoiras, Ánxeles	30 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg. Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos

Lg Vilar, Sendelle, Boimorto					
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Xoana Ares Fandiño R/ Castro nº 6, Corredoiras, Ánxeles	0 puntos	9 puntos	9 puntos	4 puntos	22 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

2º.- Que na lista de usuarios de axuda no fogar por dependencia existe unha baixa por falecemento de Rafael Fernández Mato que faleceu o día 23/01/2016.

3º.- Que contemplada esta variación a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
María Felpete Costoya Boimorto	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro	Grado III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia.

Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Antonio García Salgueiros Lg. Barral núm. 7 - Mercurín	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.

4º.- Que a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no mes de decembro era a seguinte:

- 1º.- José Peteiro Cajide, 38 puntos.
- 2º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 3º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 4º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 5º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 6º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 7º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 8º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 9º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 10º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 11º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 12º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 13º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 14º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 15º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 16º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 28 de xaneiro de 2016

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 28 de xaneiro de 2016.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.

- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 8º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 9º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 10º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 11º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 12º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 13º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 14º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 15º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

5.5.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO CUADRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 165 en data 27/01/2016, recordando que durante este mes de xaneiro as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao terceiro cuadrimestre do exercicio 2015 e o canon da auga de consumos propios correspondente ao ano anterior.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 339/2015 de data 10 de xullo de 2015 correspondente ao segundo trimestre do período impositivo de 2015, cunha liquidación de 4.695,48 Euros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 24 de xullo de 2015 número 139).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de setembro de 2015.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón ata o día da data, 28 de xaneiro de 2016, por importe de 4.689,36 Euros.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 516/2015 de data 7 de outubro de 2015 correspondente ao terceiro trimestre do período impositivo de 2015, cunha liquidación de 5.214,72 Euros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 28 de outubro de 2015 número 206).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 30 de decembro de 2015.

Visto o importe do canon de auga recadado en relación con este padrón ata o día da data, 28 de xaneiro de 2016, por importe de 5.157,10 Euros.

Vista o importe do canon de auga de consumos propios correspondente aos edificios municipais, por importe de 774,72 Euros

Vista a relación de recibos impagados correspondente ao segundo e terceiro trimestre de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao cuarto cuadrimestre do exercicio 2015 por importe total de 10.621,18 Euros, autorizando o gasto de 9.846,46 Euros con cargo a conta extraorxamentaria 20310 do orzamento municipal de 2015 prorrogado no 2016 e 774,72 Euros con cargo á aplicación orxamentaria 161.22501 do referido orzamento municipal de 2015 prorrogado no 2016.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do segundo trimestre de 2015 que a continuación se reflexan:

Nome e Apelidos	DNI	Domicilio Subministro	Debeda
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,53 €
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	1,53 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €
* Chijioke Ibezim	X5674170R	Casal de Munín, 2 1º DR (Boimorto)	1,53 €

TERCEIRO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do terceiro trimestre de 2015 que a continuación se reflexan:

Nome e Apelidos	DNI	Domicilio Subministro	Debeda
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	5,78 €
* José Javier López Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	48,78 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,53 €
* Chijioke Ibezim	X5674170R	Casal de Munín, 2 1º DR (Boimorto)	1,53 €

CUARTO.- Efectuar o ingreso na conta número ES83/2080/5355/6031/10037252 de Abanca.

5.6.- APROBACIÓN DEPÓSITO DE AVAL NA CAIXA DE DEPÓSITOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA PERANTE A DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS PARA O ACCESO E CONEXIÓN Á REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA A INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO DE 15 kW NA CUBERTA DO COLEXIO PÚBLICO ARMANDO COTARELO

Pola secretaria dáse conta da Resolución enviada pola dirección xeral de Enerxía e Minas, rexistro de entrada neste concello co nº 3026 en data 07/12/2015, pola que se establece en 300,00 €uros o importe do aval para tramitar a solicitude de acceso e conexión á rede de distribución da instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 15 kW de potencia municipal conectada á rede de distribución que este concello promove na cuberta do Colexio Público Armando Cotarelo.

A Xunta de Goberno Local danse por informados e por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Aprobar a constitución de aval por importe de 300,00 €uros para tramitación da solicitude de instalación solar fotovoltaica na cuberta do Colexio Público Armando Cotarelo.

SEGUNDO.- Proceder ao seu depósito na caixa de depósitos da Consellería de Facenda, facendo constar que se constitúe perante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

TERCEIRO.- Unha vez depositado o aval, presentar o resguardo orixinal ante a dirección xeral de Enerxía e Minas co fin de continuar coa tramitación do procedemento.

5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DE PARTICIPACIÓN E ESTABLECEMENTO DE PREMIOS DA I EDICIÓN DA RUTA D`TAPAS ENTROIDO CON PREMIO EN BOIMORTO

Vistas as bases para regular a participación e establecemento de premios da I edición da ruta D`Tapas Entroido con premio en Boimorto redactadas en data 27/01/2015 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES DE PARTICIPACIÓN E ESTABLECEMENTO DE PREMIOS DA I EDICIÓN DA RUTA D`TAPAS ENTROIDO CON PREMIO EN BOIMORTO

1. Concepto

A I Edición da Ruta d' Tapas Entroido con premio en Boimorto, está organizada polo Concello de Boimorto. Terá lugar durante os días 6, 7, 8 e 9 de febreiro de 2016.

2. Participantes

Poderá participar na ruta calquera establecemento de hostalería que exerza legalmente a súa actividade en Boimorto e que elabore as súas propias tapas relacionadas coas comidas de Entroido, e o comunique o Concello. A tapa deberá ofrecerse durante todo o horario habitual de "tapeo", será obrigatorio ofrecela de sábado día 6 a martes día 9.

3. Desenvolvemento

O Concello de Boimorto facilitará os establecementos de hostalería participantes os cartóns que deberán entregar ós seus clientes, para estes cumprimentar cos seus datos persoais, e cada vez que sirvan unha consumición deberán selarlle o cartón no lugar que corresponda o seu establecemento. Así mesmo cada establecemento contará cunha caixa pechada para que o cliente poida depositar o seu cartón unha vez totalmente selado.

Os bares deberán suxerir o cliente que sele o cartón.

Os establecemento de hostalería participantes comprométense a servir durante os días que dura a ruta tapas relacionadas co Entroido así como caracterizarse e decorar o seu establecemento coa temática do Entroido.

Poden participar nesta ruta todas as persoas que queiran, deberán recoller nos establecementos de hostalería o seu cartón, e visitar todos os establecementos que están inscritos na ruta, o cartón entregárase no último onde consuman e terá que estar debidamente selado.

O mércores día 10 de febreiro, o Concello recollerá dos establecementos de hostalería participantes todas as caixas cos cartóns. O xoves 11 de febreiro de 2016 as 12:00 realizarase o sorteo, publicamente para coñecer os gañadores. Contarase con dúas urnas, nunha estarán as papeletas debidamente cumprimentadas, e noutra o establecemento no que debe gastar o vale; irase extraendo aleatoriamente unha papeleta de cada urna para saber onde ten que facer o gasto a persoa que resulte elixida.

O Concello contactará cos premiados para comunicarlles que saíron premiados.

4. Vales

Vales por un valor total de 510€ (30€ cada vale) para gastar nos seguintes establecementos de Boimorto: Supermercado Toñito, farmacia, estanco, pescadería, frutería, Autoservicio Vidal, Aliprox, Bazar Lourdes, Josmer, Librería-papelería M^a Celi, Mercería Merche, perruquerías (3), Ferr Cruce, Comercial Boimil e gasoleira. So se admite un vale por cada persoa participante.

O gasto deberase realizar antes do 29 de febreiro de 2016, o establecemento participante deberá emitir unha factura a nome do concello, así mesmo a animadora sociocultural elaborará un informe no que conste os datos da persoa que ten dereito a efectuar o gasto e o establecemento no que lle corresponde facelo.

5. Publicidade

O Concello comprométese a darlle publicidade e difusión a Ruta d' Tapas Entroido con premio en Boimorto.

Boimorto, 27 de xaneiro de 2016

Animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases que rexerán a participación e establecemento de premios da I edición da ruta D`Tapas entroido con premio en Boimorto tal e como quedan reproducidas neste acordo.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello